

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15027873	IES Afonso X O Sabio	Cambre	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Historia da arte	2º Bac.	4	116

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	7
4.1. Concrecións metodolóxicas	21
4.2. Materiais e recursos didácticos	21
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	22
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	22
6. Medidas de atención á diversidade	23
7.1. Concreción dos elementos transversais	24
7.2. Actividades complementarias	25
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	25
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	26
9. Outros apartados	26

1. Introducción

O obxecto da materia de Historia da Arte é a análise do feito artístico nas súas múltiples facetas e dimensións, non só desde unha perspectiva histórica, mediante a contextualización cultural e temporal de estilos, obras e artistas, senón entendéndoo como unha manifestación da intelixencia e da creatividade humana.

A Historia da Arte, materia coa que o alumnado tomou xa contacto na educación secundaria obrigatoria a través dos contidos de materias como Xeografía e Historia, Filosofía, Latín, Música e Educación Plástica, Visual e Audiovisual, está estreitamente vinculada co logro dos obxectivos de etapa e co desenvolvemento das competencias clave, especialmente no que compete ao cultivo da sensibilidade artística e ao desenvolvemento de criterios estéticos, entendidos ambos como aspectos esenciais da formación integral do alumnado e do seu enriquecemento cultural e persoal. Esta formación, en tanto que implica a comprensión da forma en que ideas e emocións se comunican de forma creativa a través de diversas manifestacións artísticas e culturais, relaciónase directamente coa competencia en conciencia e expresión culturais.

Dun modo máis indirecto, a aprendizaxe da Historia da arte contribúe ao logro da madurez intelectual e emocional do alumnado, proporcionándolle o coñecemento de códigos e linguaxes e promovendo o desenvolvemento do seu propio xuízo e criterio estético. Ademais, a contribución desta materia ás competencias e obxectivos mencionados ha de procurar o coñecemento das realidades do mundo contemporáneo e do seu significado estético e a adopción dunha actitude construtiva con respecto á interpretación, protección e mellora do patrimonio cultural.

A materia está estruturada ao redor de tres eixes fundamentais: a análise, a comprensión histórica e a apreciación crítica das principais manifestacións artísticas, e das súas relacións co resto de dimensións e aspectos da cultura e a experiencia humana; a incorporación da perspectiva de xénero e, por iso, entre outros aspectos, da visibilización das mulleres creadoras habitualmente excluídas do canon dominante; e a educación para a preservación, mellora e uso sostible do patrimonio histórico-artístico, entendido como elemento de desenvolvemento económico, social, ambiental e cultural.

Os obxectivos da materia inclúen aspectos sobre o recoñecemento, estudo e análise da diversidade de manifestacións artísticas, o emprego básico das linguaxes artísticas e do vocabulario da disciplina, a identificación das diversas funcións atribuíbles á produción artística, así como á súa maior ou menor vinculación con diferentes movementos, xéneros, estilos, épocas e artistas, a diferenciación de cambios estéticos nas representacións do ser humano, a comprensión contextualizada das creacións culturais como reflexo da sociedade que as xerou, o coñecemento e protección do patrimonio histórico-artístico local, nacional e internacional, e a xa citada incorporación da perspectiva de xénero ao estudo histórico da arte.

A metodoloxía empregada supón, tamén, o deseño de instrumentos múltiples e diferentes con que valorar as accións que delimitan as competencias tendo en conta a diversidade e individualidade do alumnado.

As situacións e contextos de aprendizaxes, dotarán de maior protagonismo o alumnado promovendo o traballo en equipo, procesos de indagación e investigación, creatividade e transferencia do coñecemento adquirido. As propostas didácticas inclúen metodoloxías en que se apliquen, entre outros aspectos, a análise e a valoración argumentada, así como o uso crítico e ético da información.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Identificar diferentes concepcións da arte ao longo da historia, seleccionando e analizando información diversa de forma crítica, para valorar a diversidade de manifestacións artísticas como produto da creatividade humana e fomentar o respecto por estas.	3				40	1-3		1-32
OBX2 - Recoñecer as diversas linguaxes artísticas como unha forma de comunicación e expresión de ideas, desexos e emocións, utilizando con corrección a terminoloxía e o vocabulario específico da materia, para expresar con coherencia e fluidez os seus propios xuízos e sentimentos e mostrar respecto e empatía polos xuízos e expresións dos demais.	1-5			1	12-50	1	3	2-32
OBX3 - Distinguir as distintas funcións da arte ao longo da historia, analizando a dimensión relixiosa, ideolóxica, política, social, económica, expresiva e propiamente estética da obra de arte, da súa produción e a súa percepción, para promover unha apreciación global e un xuízo crítico e informado destes.					12-40	1-3		1-2-32
OBX4 - Identificar e caracterizar os principais movementos artísticos ao longo da historia, recoñecendo as relacións de influencia, préstamo, continuidade e ruptura que se producen entre eles, para comprender os mecanismos que rexen a evolución da historia da arte e fomentar o respecto e aprecio das manifestacións artísticas de calquera época e cultura.					40	1-2-3		1-2-32
OBX5 - Identificar e contextualizar espacial e temporalmente as máis relevantes manifestacións e personalidades artísticas, analizando a súa contorna social, política e cultural, e os seus aspectos biográficos, para valorar as obras e aos seus artistas como expresión da súa época e ámbito social, apreciar a súa creatividade e promover o coñecemento de diversas formas de expresión estética.					31-40	1-2-3		1-2-32
OBX6 - Coñecer e valorar o patrimonio artístico no ámbito local, nacional e mundial, analizando exemplos concretos do seu aproveitamento e as súas funcións, para contribuír á súa conservación, o seu uso comprometido a favor da consecución dos Obxectivos do Desenvolvemento Sostible e promoción como elemento conformador da identidade individual e colectiva, e como dinamizador da cultura e da economía.					40	1-2-3	1	1-2-32

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX7 - Distinguir e describir os cambios estéticos e os diferentes canons de beleza ao longo da historia da arte, realizando análises comparativas entre obras de diversos estilos, épocas e lugares, para formarse unha imaxe axustada de si mesmo e consolidar unha madurez persoal que permita mostrar sensibilidade e respecto cara á diversidade superando estereotipos e prexuízos.					11-31-40	1-3		1-32
OBX8 - Integrar a perspectiva de xénero no estudo da historia da arte, analizando o papel que ocuparon a muller e a imaxe que dela se deu nos diferentes estilos e movementos artísticos, para visibilizar as artistas e promover a igualdade efectiva entre mulleres e homes.	5				31	1-2-3		1-2-32

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	A arte; función, tipos, técnicas. Os inicios da arte	Entenderemos a actividade artística afondando no progreso das persoas ao longo do tempo, xa que ao tratarse dun instrumento de comunicación, permitiranos entender as circunstancias que propiciaron dita actividade e sobre todo o contexto onde xurde. Para iniciar esta aprendizaxe, comezase pola arte durante a Prehistoria e as primeiras civilizacións.	4	4	X		
2	Arte grega	Abordaremos o estudo de Grecia como primeiro territorio de Europa en destacar polo seu desenvolvemento artístico. Estudiaremos as influencias exipcias e orientais creando un estilo propio que evolucionará ata o helenismo.	9	10	X		
3	Arte romana e presenza en Hispania	A arte romana, influenciada pola grega, será o transmisor do legado clásico por todo o mediterráneo, Europa e Próximo Oriente. Unha arte urbana de vital importancia, sen a cal non se entendería o fenómeno da romanización. Estudiaremos exemplos en Hispania, unha das primeiras provincias fóra de Italia.	9	9	X		
4	Os inicios da arte medieval: arte paleocristiá e bizantina, arte musulmá e arte	Nesta unidade abordaremos na súa orixe, o cristianismo, coas súas manifestacións artísticas escasas nun principio.	8	16	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
4	prerrománica	Explicaremos a división do Imperio romano en Occidente e Oriente, é dicir, o Imperio Bizantino ata o seu máximo esplendor durante o reinado de Xustiniano, no século VI. No século VII nace o Islam e con el un imperio que se extenderá cara Oriente e Occidente, cunha arte con características propias que evolucionan en función das culturas coas que entran en contacto. Veremos especificamente a arte desenvolvida na península ibérica, desde Al-Ándalus ata o reino de Granada. Ao mesmo tempo, tras as invasións bárbaras e a caída do Imperio romano de Occidente, xurden reinos independentes, evolucionando de forma diferente. Os visigodos, asentáronse en Hispania, creando un reino independente con capital en Toledo. En Asturias nace a arte asturiana e máis adiante a arte mozárabe ou de repoboación nos territorios dominados polos musulmáns.	8	16	X		
5	A arte románica	Abordaremos o románico desde finais do século X ata comezos do século XII desenvolvéndose nos reinos cristiáns e extendéndose por Europa, como un estilo con características comúns, considerado como a primeira arte de carácter internacional.	9	9		X	
6	A arte gótica	A mediados do século XII, na illa de Francia, xurde un novo estilo que rompe coa tradición do románico: o gótico. A orde do Císter fixo unha labor de propagación. Estudiaremos a época de construción das grandes catedrais europeas, o rexurdir das cidades e o auxe da burguesía. Para finalizar, os astistas máis representativos da escola italiana e flamenga.	8	8		X	
7	A arte do Renacemento	A comezos do século XV comeza en Italia unha renovación das artes. O renacemento italiano comprende tres grandes períodos: o Quattrocento, o Cinquecento e o manierismo. Baixo o patrocinio da Igrexa católica xunto coa aparición de grandes familias que exerceron un forte mecenado artístico. Paralelamente No século XVI, o Renacemento estendeuse polo resto do Europa afectando de forma particular ao reino español.	9	15		X	
8	A arte do Barroco	Exténdese desde principios do século XVII ata mediados do século XVIII. É un estilo recargado, con profusión de movemento e sentido teatral. Estudiaremos a grande influencia da igrexa contrarreformista, en Italia e España. Tamén foi unha corrente	9	14		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
8	A arte do Barroco	artística utilizada polas grandes monarquías absolutistas como mostra da súa grandeza e ideais. Ao mesmo tempo, a burguesía holandesa serviuse deste estilo para ensinar o seu poderío económico.	9	14		X	
9	Neoclasicismo e Romanticismo	Opostamente ao Barroco estudaremos o Neoclasicismo, como volta ao equilibrio e sinxelo do mundo clásico. O auxe da Ilustración continuou durante o século XVIII, durante o cal artistas da talla de Goya tiveron un papel decisivo na renovación da linguaxe artística. Pouco despois, o desexo por chear as obras de emocións e liberdade deu lugar ao Romanticismo.	8	6			X
10	Realismo, Impresionismo e Post-Impresionismo	O século XIX foi unha época de moitas transformacións. Os grandes imperios e os cambios sociais e ideolóxicos veranse reflectidos nas diversas correntes culturais.	9	8			X
11	As primeiras vangardas	O crecemento das cidades modernas, as consecuencias das dúas guerras mundiais marcaron a evolución da arquitectura e das artes plásticas a través das primeiras vangardas.	9	9			X
12	As segundas vangardas	A arquitectura continuará co seu camiño de exploración. Abordaremos as principais tendencias artísticas da segunda metade do século XX e descubriremos os novos medios expresivos: a cultura visual de masas.	9	8			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	A arte; función, tipos, técnicas. Os inicios da arte	4

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Elaborar comentarios histórico-artísticos de distintas obras de arte a partir do coñecemento crítico e argumentado do seu contexto histórico, as súas funcións e a súa relevancia social, política e cultural, valorando e respectando distintas obras e formas de manifestacións artísticas.	Clasifica, analiza e comenta obras significativas dos inicios da arte, aplicando un método que abranga diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico).	PE	70

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Valorar e respectar a diversidade de manifestacións artísticas a partir da investigación e o debate arredor das diferentes concepcións da arte e a análise de obras concretas sobre as que comprobar a pertinencia das devanditas concepcións.	Explicar mediante producións históricas propias e alleas a definición de arte como concepto histórico-cultural. Entender a arte como unha forma de comunicación cos seus propios códigos de transmisión	TI	30
CA1.2 - Elaborar e expresar con coherencia e fluidez xuízos e emocións propios sobre as obras de arte e mostrar respecto e empatía polos xuízos e expresións dos demais, utilizando a terminoloxía e o vocabulario específico da materia e demostrando un coñecemento básico de diversas linguaxes artísticas aprendidas.	O alumnado é capaz de crear comentarios de obras artísticas utilizando as ferramentas propias para o análise dunha obra concreta: elementos técnicos, formais e estilísticos.		
CA2.1 - Distinguir e analizar as funcións e as dimensións relixiosa, ideolóxica, política, social, económica, expresiva e propiamente estética das obras de arte, demostrando unha comprensión e un xuízo crítico e fundamentado destas e da súa produción e a súa percepción.	Analizar mediante fontes históricas de diversos tipos as pegadas da arte durante a Prehistoria e nas primeiras civilizacións.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O debate sobre a definición de arte. O concepto da arte ao longo da historia. - A linguaxe artística: a arte como forma de comunicación. A variedade de códigos e linguaxes. Símbolos e iconografía na arte. A subxectividade creadora. A complexidade da interpretación. O xuízo estético. - Ferramentas para a análise da obra de arte: elementos técnicos, formais e estilísticos. Estudo iconográfico e significado, identificación, contextualización e relevancia da obra. A análise comparativa. - A arte como instrumento máxico-ritual ao longo da historia. - A arte como dispositivo de dominación e control: desde as primeiras civilizacións urbanas ata o século XIX.

UD	Título da UD	Duración
2	Arte grega	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Recoñecer os mecanismos que rexen a evolución da historia da arte a partir da análise comparativa de obras de diversas épocas e da explicación das relacións de influencia, préstamos, continuidade e ruptura que se producen entre estilos, autores e movementos.	Explica as características esenciais da arte grega e a súa evolución no tempo a partir de fontes históricas ou historiográficas.	PE	70

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Elaborar comentarios histórico-artísticos de distintas obras de arte a partir do coñecemento crítico e argumentado do seu contexto histórico, as súas funcións e a súa relevancia social, política e cultural, valorando e respectando distintas obras e formas de manifestacións artísticas.	O alumnado é capaz de responder de modo satisfactorio e suficiente a comentarios histórico-artísticos de varias obras da arte grega e as diversas formas de manifestación.		
CA2.1 - Distinguir e analizar as funcións e as dimensións relixiosa, ideolóxica, política, social, económica, expresiva e propiamente estética das obras de arte, demostrando unha comprensión e un xuízo crítico e fundamentado destas e da súa produción e a súa percepción.	Analizar mediante fontes históricas de diversos tipos os antecedentes e a plenitude da arte grega, chegando ao helenismo.	TI	30
CA2.3 - Identificar e analizar a complexidade do proceso de creación artística, elaborando recensións biográficas sobre as figuras máis destacadas e atendendo aos aspectos persoais que faciliten a comprensión do significado e do valor da obra, tomando conciencia do papel do artista no proceso creador.	Definir por medio de traballos de investigación bibliográficos as figuras máis salientables da arte grega, incidindo nas influencias, préstamos e continuidades.		
CA2.4 - Elaborar argumentos propios sobre a noción de beleza, comparando canons e obras de diversos tipos, estilos, épocas e lugares, apreciando a diversidade como fonte de enriquecemento, superando estereotipos e prexuízos, e promovendo a formación dunha imaxe axustada de si mesmo.	Demostrar mediante fontes históricas diversas o concepto de beleza, canon a partir de obras de diversos tipos, estilos e épocas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Terminoloxía e vocabulario específico da arte na arquitectura e nas artes plásticas. - Influencias, préstamos, continuidades e rupturas na historia da arte. - A arte como instrumento máxico-ritual ao longo da historia. - O clasicismo grego: antecedentes, plenitude e helenismo. - Arte e identidade individual: a necesidade de representarnos. A imaxe do corpo humano. O xénero do retrato. A evolución na imaxe do artista.

UD	Título da UD	Duración
3	Arte romana e presenza en Hispania	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Recoñecer os mecanismos que rexen a evolución da historia da arte a partir da análise comparativa de obras de diversas épocas e da explicación das relacións de influencia, préstamos, continuidade e ruptura que se producen entre estilos, autores e movementos.	Explica as características esenciais da arte romana e a súa evolución no tempo a partir de fontes históricas ou historiográficas.	PE	70
CA2.2 - Elaborar comentarios histórico-artísticos de distintas obras de arte a partir do coñecemento crítico e argumentado do seu contexto histórico, as súas funcións e a súa relevancia social, política e cultural, valorando e respectando distintas obras e formas de manifestacións artísticas.	O alumnado é capaz de responder de modo satisfactorio e suficiente a comentarios histórico-artísticos de varias obras da arte romana e as diversas formas de manifestación.		
CA2.1 - Distinguir e analizar as funcións e as dimensións relixiosa, ideolóxica, política, social, económica, expresiva e propiamente estética das obras de arte, demostrando unha comprensión e un xuízo crítico e fundamentado destas e da súa produción e a súa percepción.	Diferenciar comparativamente o valor propagandístico da arte romana analizando por medio de fontes artísticas as súas múltiples dimensións.	TI	30
CA2.5 - Analizar o papel conformador da identidade individual e colectiva que posúen a arte e o patrimonio artístico, analizando as autorrepresentacións humanas e o uso de recursos estéticos e iconográficos na xeración e o mantemento dos vínculos grupais.	Distinguir e valorar a arte e o patrimonio artístico herdado da arte romana, sobre todo en Hispania, visualizando obras e diversas fontes histórico-artísticas.		
CA4.1 - Comprender a importancia da conservación e promoción do patrimonio artístico, investigando sobre os procesos de adquisición, conservación, exhibición e uso sostible de obras de arte, así como sobre o impacto positivo e negativo das accións humanas sobre elas.	Distinguir e valorar a arte e o patrimonio artístico herdado da arte romana, sobre todo en España, visualizando obras e diversas fontes histórico-artísticas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Terminoloxía e vocabulario específico da arte na arquitectura e nas artes plásticas. - A arte como dispositivo de dominación e control: desde as primeiras civilizacións urbanas ata o século XIX. - Arte e romanización: a obra civil romana. - A arte e o seu valor propagandístico: desde o mundo antigo ata o século XIX. - Arte e identidade individual: a necesidade de representarnos. A imaxe do corpo humano. O xénero do retrato. A evolución na imaxe do artista. - Arquitectura, urbanismo e deseño sostible. A contribución da arte aos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible. Arte e medio ambiente.

UD	Título da UD	Duración
4	Os inicios da arte medieval: arte paleocristiá e bizantina, arte musulmá e arte prerrománica	16

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Elaborar comentarios histórico-artísticos de distintas obras de arte a partir do coñecemento crítico e argumentado do seu contexto histórico, as súas funcións e a súa relevancia social, política e cultural, valorando e respectando distintas obras e formas de manifestacións artísticas.	O alumnado é capaz de responder de modo satisfactorio e suficiente a comentarios histórico-artísticos de obras da arte bizantina, musulmá e prerrománica e as diversas formas de manifestación.	PE	70
CA3.1 - Coñecer e explicar as principais manifestacións e movementos artísticos, identificando e analizando o seu contexto cultural, a súa vinculación coas funcións atribuíbles á arte, as súas características estilísticas fundamentais e o seu desenvolvemento no tempo.	Recoñece os diversos métodos de análise dunha obra de arte e a terminoloxía específica que debe empregar.		
CA1.2 - Elaborar e expresar con coherencia e fluidez xuízos e emocións propios sobre as obras de arte e mostrar respecto e empatía polos xuízos e expresións dos demais, utilizando a terminoloxía e o vocabulario específico da materia e demostrando un coñecemento básico de diversas linguaxes artísticas aprendidas.	O alumnado é capaz de crear comentarios de obras artísticas utilizando as ferramentas propias para o análise dunha obra concreta: elementos técnicos, formais e estilísticos.	TI	30
CA2.1 - Distinguir e analizar as funcións e as dimensións relixiosa, ideolóxica, política, social, económica, expresiva e propiamente estética das obras de arte, demostrando unha comprensión e un xuízo crítico e fundamentado destas e da súa produción e a súa percepción.	Comparar e contrastar por medio de diversas fontes histórico-artísticas a función didáctica e relixiosa da arte bizantina, musulmá e prerrománica, sobre todo, o seu valor nas sociedades teocéntricas.		
CA2.5 - Analizar o papel conformador da identidade individual e colectiva que posúen a arte e o patrimonio artístico, analizando as autorrepresentacións humanas e o uso de recursos estéticos e iconográficos na xeración e o mantemento dos vínculos grupais.	Distinguir e valorar a arte e o patrimonio artístico herdado da arte bizantina, musulmá e prerrománica visualizando obras e diversas fontes histórico-artísticas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Terminoloxía e vocabulario específico da arte na arquitectura e nas artes plásticas. - A arte e a súa función didáctica e relixiosa nas sociedades teocéntricas. - A arte prerrománica en España. A arte románica e gótica. - A representación da muller na arte desde unha perspectiva crítica.

UD	Título da UD	Duración
5	A arte románica	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Elaborar comentarios histórico-artísticos de distintas obras de arte a partir do coñecemento crítico e argumentado do seu contexto histórico, as súas funcións e a súa relevancia social, política e cultural, valorando e respectando distintas obras e formas de manifestacións artísticas.	O alumnado é capaz de responder de modo satisfactorio e suficiente a comentarios histórico-artísticos de obras da arte de estilo románico e as diversas formas de manifestación.	PE	60
CA3.1 - Coñecer e explicar as principais manifestacións e movementos artísticos, identificando e analizando o seu contexto cultural, a súa vinculación coas funcións atribuíbles á arte, as súas características estilísticas fundamentais e o seu desenvolvemento no tempo.	Recoñece os diversos métodos de análise dunha obra de arte e a terminoloxía específica que debe empregar.		
CA1.2 - Elaborar e expresar con coherencia e fluidez xuízos e emocións propios sobre as obras de arte e mostrar respecto e empatía polos xuízos e expresións dos demais, utilizando a terminoloxía e o vocabulario específico da materia e demostrando un coñecemento básico de diversas linguaxes artísticas aprendidas.	O alumnado é capaz de crear comentarios de obras artísticas utilizando as ferramentas propias para o análise dunha obra concreta: elementos técnicos, formais e estilísticos.	TI	40
CA2.1 - Distinguir e analizar as funcións e as dimensións relixiosa, ideolóxica, política, social, económica, expresiva e propiamente estética das obras de arte, demostrando unha comprensión e un xuízo crítico e fundamentado destas e da súa produción e a súa percepción.	Comparar e contrastar por medio de diversas fontes histórico-artísticas a función didáctica e relixiosa da arte románica e sobre todo o seu valor nas sociedades teocéntricas.		
CA2.5 - Analizar o papel conformador da identidade individual e colectiva que posúen a arte e o patrimonio artístico, analizando as autorrepresentacións humanas e o uso de recursos estéticos e iconográficos na xeración e o mantemento dos vínculos grupais.	Distinguir e valorar a arte e o patrimonio artístico herdado da arte románica, visualizando obras e diversas fontes histórico-artísticas.		
CA4.1 - Comprender a importancia da conservación e promoción do patrimonio artístico, investigando sobre os procesos de adquisición, conservación, exhibición e uso sostible de obras de arte, así como sobre o impacto positivo e negativo das accións humanas sobre elas.	Distinguir e valorar a arte e o patrimonio artístico herdado da arte románica, sobre todo en España e Galicia, visualizando obras e diversas fontes histórico-artísticas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Terminoloxía e vocabulario específico da arte na arquitectura e nas artes plásticas. - A arte como dispositivo de dominación e control: desde as primeiras civilizacións urbanas ata o século XIX. - A arte e a súa función didáctica e relixiosa nas sociedades teocéntricas. - A arte prerrománica en España. A arte románica e gótica. - A arte e o seu valor propagandístico: desde o mundo antigo ata o século XIX. - Arte e identidade colectiva: escolas, rexionalismos e procura de identidade. - A representación da muller na arte desde unha perspectiva crítica.

Contidos
- O patrimonio artístico: preservación, conservación e usos sostibles. Museografía e museoloxía.

UD	Título da UD	Duración
6	A arte gótica	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Elaborar comentarios histórico-artísticos de distintas obras de arte a partir do coñecemento crítico e argumentado do seu contexto histórico, as súas funcións e a súa relevancia social, política e cultural, valorando e respectando distintas obras e formas de manifestacións artísticas.	O alumnado é capaz de responder de modo satisfactorio e suficiente a comentarios histórico-artísticos de obras da arte de estilo gótico e as diversas formas de manifestación.	PE	80
CA1.2 - Elaborar e expresar con coherencia e fluidez xuízos e emocións propios sobre as obras de arte e mostrar respecto e empatía polos xuízos e expresións dos demais, utilizando a terminoloxía e o vocabulario específico da materia e demostrando un coñecemento básico de diversas linguaxes artísticas aprendidas.	O alumnado é capaz de crear comentarios de obras artísticas utilizando as ferramentas propias para o análise dunha obra concreta: elementos técnicos, formais e estilísticos.	TI	20
CA2.1 - Distinguir e analizar as funcións e as dimensións relixiosa, ideolóxica, política, social, económica, expresiva e propiamente estética das obras de arte, demostrando unha comprensión e un xuízo crítico e fundamentado destas e da súa produción e a súa percepción.	Comparar e contrastar por medio de diversas fontes histórico-artísticas a función didáctica e relixiosa da arte gótica e sobre todo o seu valor nas sociedades teocéntricas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Terminoloxía e vocabulario específico da arte na arquitectura e nas artes plásticas.
- A arte e a súa función didáctica e relixiosa nas sociedades teocéntricas.
- A arte prerrománica en España. A arte románica e gótica.

UD	Título da UD	Duración
7	A arte do Renacemento	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Recoñecer os mecanismos que rexen a evolución da historia da arte a partir da análise comparativa de obras de diversas épocas e da explicación das relacións de influencia, préstamos, continuidade e ruptura que se producen entre estilos, autores e movementos.	Explica as características esenciais da arte do Renacemento e a súa evolución no tempo a partir de fontes históricas ou historiográficas.	PE	60
CA2.2 - Elaborar comentarios histórico-artísticos de distintas obras de arte a partir do coñecemento crítico e argumentado do seu contexto histórico, as súas funcións e a súa relevancia social, política e cultural, valorando e respectando distintas obras e formas de manifestacións artísticas.	O alumnado é capaz de responder de modo satisfactorio e suficiente a comentarios histórico-artísticos de obras da arte do Renacemento e as diversas formas de manifestación.		
CA3.1 - Coñecer e explicar as principais manifestacións e movementos artísticos, identificando e analizando o seu contexto cultural, a súa vinculación coas funcións atribuíbles á arte, as súas características estilísticas fundamentais e o seu desenvolvemento no tempo.	Recoñece os diversos métodos de análise dunha obra de arte e a terminoloxía específica que debe empregar.		
CA2.1 - Distinguir e analizar as funcións e as dimensións relixiosa, ideolóxica, política, social, económica, expresiva e propiamente estética das obras de arte, demostrando unha comprensión e un xuízo crítico e fundamentado destas e da súa produción e a súa percepción.	Comparar e contrastar por medio de diversas fontes histórico-artísticas a función social, política e relixiosa da arte renacentista.	TI	40
CA2.3 - Identificar e analizar a complexidade do proceso de creación artística, elaborando recensións biográficas sobre as figuras máis destacadas e atendendo aos aspectos persoais que faciliten a comprensión do significado e do valor da obra, tomando conciencia do papel do artista no proceso creador.	Definir por medio de traballos de investigación bibliográficos as figuras máis salientables da arte do Renacemento, incidindo nas influencias, préstamos e continuidades.		
CA2.4 - Elaborar argumentos propios sobre a noción de beleza, comparando canons e obras de diversos tipos, estilos, épocas e lugares, apreciando a diversidade como fonte de enriquecemento, superando estereotipos e prexuízos, e promovendo a formación dunha imaxe axustada de si mesmo.	Demostrar mediante fontes históricas diversas o concepto de beleza, canon a partir de obras de diversos tipos, estilos e épocas.		
CA4.2 - Analizar o papel conformador da identidade individual e colectiva que posúen a arte e o patrimonio artístico, analizando as autorrepresentacións humanas e o uso de recursos estéticos e iconográficos na xeración e o mantemento dos vínculos grupais.	Distinguir e valorar a arte e o patrimonio artístico herdado da arte do Renacemento, sobre todo en España, visualizando obras e diversas fontes histórico-artísticas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Terminoloxía e vocabulario específico da arte na arquitectura e nas artes plásticas. - Influencias, préstamos, continuidades e rupturas na historia da arte. - A arte renacentista: Quattrocento e Quinquecento. O Renacemento en España: Juan de Herrera e O Greco.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Pintura e perspectiva: a conquista da terceira dimensión. - Arte e identidade individual: a necesidade de representarnos. A imaxe do corpo humano. O xénero do retrato. A evolución na imaxe do artista. - A representación da muller na arte desde unha perspectiva crítica. - Arte, mecenado e coleccionismo como elementos de diferenciación social.

UD	Título da UD	Duración
8	A arte do Barroco	14

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Elaborar e expresar con coherencia e fluidez xuízos e emocións propios sobre as obras de arte e mostrar respecto e empatía polos xuízos e expresións dos demais, utilizando a terminoloxía e o vocabulario específico da materia e demostrando un coñecemento básico de diversas linguaxes artísticas aprendidas.	O alumnado é capaz de crear comentarios de obras artísticas utilizando as ferramentas propias para o análise dunha obra concreta: elementos técnicos, formais e estilísticos.	PE	60
CA2.2 - Elaborar comentarios histórico-artísticos de distintas obras de arte a partir do coñecemento crítico e argumentado do seu contexto histórico, as súas funcións e a súa relevancia social, política e cultural, valorando e respectando distintas obras e formas de manifestacións artísticas.	O alumnado é capaz de responder de modo satisfactorio e suficiente a comentarios histórico-artísticos de obras da arte do Barroco e as diversas formas de manifestación.		
CA2.1 - Distinguir e analizar as funcións e as dimensións relixiosa, ideolóxica, política, social, económica, expresiva e propiamente estética das obras de arte, demostrando unha comprensión e un xuízo crítico e fundamentado destas e da súa produción e a súa percepción.	Comparar e contrastar por medio de diversas fontes histórico-artísticas a función relixiosa e propagandista da arte barroca e a creación de espazos arquitectónicos.	TI	40
CA2.3 - Identificar e analizar a complexidade do proceso de creación artística, elaborando recensións biográficas sobre as figuras máis destacadas e atendendo aos aspectos persoais que faciliten a comprensión do significado e do valor da obra, tomando conciencia do papel do artista no proceso creador.	Definir por medio de traballos de investigación bibliográficos as figuras máis salientables da arte do Barroco, incidindo na linguaxe artística como comunicación.		
CA3.2 - Coñecer as principais figuras femininas da historia da arte, dándolle visibilidade á muller como artista, analizando o contexto político, social e cultural no que desenvolveron a súa produción artística e recoñecendo o seu esforzo por facerse valer nel.	Identificar mediante traballos de investigación as principais artistas femininas dentro da arte dos séculos XVII e XVIII.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Comprender a importancia da conservación e promoción do patrimonio artístico, investigando sobre os procesos de adquisición, conservación, exhibición e uso sostible de obras de arte, así como sobre o impacto positivo e negativo das accións humanas sobre elas.	Distinguir e valorar a arte e o patrimonio artístico herdado da arte do Barroco, sobre todo en España e Galicia, visualizando obras e diversas fontes histórico-artísticas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A linguaxe artística: a arte como forma de comunicación. A variedade de códigos e linguaxes. Símbolos e iconografía na arte. A subxectividade creadora. A complexidade da interpretación. O xuízo estético. - Terminoloxía e vocabulario específico da arte na arquitectura e nas artes plásticas. - Barroco e Contrarreforma en Italia e España: obras esenciais en arquitectura, escultura e pintura. Arquitectura barroca galega. - A arte e o seu valor propagandístico: desde o mundo antigo ata o século XIX. - A muller como artista. A loita pola visibilidade ao longo da historia da arte. - Arquitectura, urbanismo e deseño sostible. A contribución da arte aos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible. Arte e medio ambiente.

UD	Título da UD	Duración
9	Neoclasicismo e Romanticismo	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Recoñecer os mecanismos que rexen a evolución da historia da arte a partir da análise comparativa de obras de diversas épocas e da explicación das relacións de influencia, préstamos, continuidade e ruptura que se producen entre estilos, autores e movementos.	Explica as características esenciais da arte de finais do século XVIII e comezos do XIX e a súa evolución no tempo a partir de fontes históricas ou historiográficas.	PE	70
CA2.2 - Elaborar comentarios histórico-artísticos de distintas obras de arte a partir do coñecemento crítico e argumentado do seu contexto histórico, as súas funcións e a súa relevancia social, política e cultural, valorando e respectando distintas obras e formas de manifestacións artísticas.	O alumnado é capaz de responder de modo satisfactorio e suficiente a comentarios histórico-artísticos de obras da arte do Neoclasicismo, o Romanticismo e Goya e as diversas formas de manifestación.		
CA1.1 - Valorar e respectar a diversidade de manifestacións artísticas a partir da investigación e o debate arredor das diferentes concepcións da arte e a análise de obras concretas sobre as que comprobar a pertinencia das devanditas concepcións.	Explicar mediante producións históricas propias e alleas a primeira arte da Idade Contemporánea. Entender a arte como unha forma de comunicación cos seus propios códigos de transmisión	TI	30

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Distinguir e analizar as funcións e as dimensións relixiosa, ideolóxica, política, social, económica, expresiva e propiamente estética das obras de arte, demostrando unha comprensión e un xuízo crítico e fundamentado destas e da súa produción e a súa percepción.	Comparar e contrastar por medio de diversas fontes histórico-artísticas a función política e propagandista da arte do Neoclasicismo, o Romanticismo, Goya e a creación de espazos arquitectónicos.		
CA4.1 - Comprender a importancia da conservación e promoción do patrimonio artístico, investigando sobre os procesos de adquisición, conservación, exhibición e uso sostible de obras de arte, así como sobre o impacto positivo e negativo das accións humanas sobre elas.	Distinguir e valorar a arte e o patrimonio artístico herdado da arte da finais do século XVIII e comezos do século XIX, sobre todo en España, visualizando obras e diversas fontes histórico-artísticas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Terminoloxía e vocabulario específico da arte na arquitectura e nas artes plásticas. - Influencias, préstamos, continuidades e rupturas na historia da arte. - O papel das academias no século XVIII. O neoclasicismo. - A arte como idioma de sentimentos e emocións. A natureza e a representación das emocións. O romanticismo. - Pintura española do século XIX: Goya. - Arquitectura e espazo: a creación de espazos arquitectónicos. - Arte e intervención no territorio: o urbanismo como arte.

UD	Título da UD	Duración
10	Realismo, Impresionismo e Post-Impresionismo	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Elaborar e expresar con coherencia e fluidez xuízos e emocións propios sobre as obras de arte e mostrar respecto e empatía polos xuízos e expresións dos demais, utilizando a terminoloxía e o vocabulario específico da materia e demostrando un coñecemento básico de diversas linguaxes artísticas aprendidas.	O alumnado é capaz de crear comentarios de obras artísticas utilizando as ferramentas propias para o análise dunha obra concreta: elementos técnicos, formais e estilísticos.	PE	80
CA2.2 - Elaborar comentarios histórico-artísticos de distintas obras de arte a partir do coñecemento crítico e argumentado do seu contexto histórico, as súas funcións e a súa relevancia social, política e cultural, valorando e respectando distintas obras e formas de manifestacións artísticas.	O alumnado é capaz de responder de modo satisfactorio e suficiente a comentarios histórico-artísticos de varias obras da arte da segunda metade do século XIX e as diversas formas de manifestación.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Coñecer e explicar as principais manifestacións e movementos artísticos, identificando e analizando o seu contexto cultural, a súa vinculación coas funcións atribuíbles á arte, as súas características estilísticas fundamentais e o seu desenvolvemento no tempo.	Identificar mediante producións históricas propias as principais manifestacións da segunda metade do século XIX, analizadas a través dos seus contextos históricos e incidindo nos seus aspectos.	TI	20
CA3.3 - Coñecer e analizar criticamente a imaxe que se deu da muller na historia da arte, mediante a análise comparativa de obras de distintas épocas e culturas nas que se representen figuras, roles, símbolos e temas relacionados coa feminidade.	Subraiar mediante o estudo de diferentes fontes histórico-artísticas o tratamento da imaxe que se deu da muller durante esta época artística comparándoa con outras.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Terminoloxía e vocabulario específico da arte na arquitectura e nas artes plásticas. - A arte como medio de progreso, crítica e transformación sociocultural desde o pensamento ilustrado ata o século XIX. O realismo. - Arte e identidade colectiva: escolas, rexionalismos e procura de identidade. - A pintura impresionista. - A representación da muller na arte desde unha perspectiva crítica.

UD	Título da UD	Duración
11	As primeiras vangardas	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Elaborar comentarios histórico-artísticos de distintas obras de arte a partir do coñecemento crítico e argumentado do seu contexto histórico, as súas funcións e a súa relevancia social, política e cultural, valorando e respectando distintas obras e formas de manifestacións artísticas.	O alumnado é capaz de responder de modo satisfactorio e suficiente a comentarios histórico-artísticos de varias obras das primeiras vangardas e as diversas formas de manifestación.	PE	60
CA3.1 - Coñecer e explicar as principais manifestacións e movementos artísticos, identificando e analizando o seu contexto cultural, a súa vinculación coas funcións atribuíbles á arte, as súas características estilísticas fundamentais e o seu desenvolvemento no tempo.	Identificar mediante producións históricas propias as principais manifestacións da primeira metade do século XX, analizadas a través dos seus contextos históricos e incidindo nos seus aspectos.		

Crterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Valorar e respectar a diversidade de manifestacións artísticas a partir da investigación e o debate arredor das diferentes concepcións da arte e a análise de obras concretas sobre as que comprobar a pertinencia das devanditas concepcións.	Explicar mediante producións históricas propias e alleas a arte da primeira metade do século XX. Entender a arte como unha forma de comunicación cos seus propios códigos de transmisión.	TI	40
CA2.3 - Identificar e analizar a complexidade do proceso de creación artística, elaborando recensións biográficas sobre as figuras máis destacadas e atendendo aos aspectos persoais que faciliten a comprensión do significado e do valor da obra, tomando conciencia do papel do artista no proceso creador.	Definir por medio de traballos de investigación bibliográficos as figuras máis salientables da arte das primeiras vangardas, incidindo nas influencias, préstamos e continuidades.		
CA3.2 - Coñecer as principais figuras femininas da historia da arte, dándolle visibilidade á muller como artista, analizando o contexto político, social e cultural no que desenvolveron a súa produción artística e recoñecendo o seu esforzo por facerse valer nel.	Identificar mediante traballos de investigación as principais artistas femininas dentro da arte da primeira metade do século XX.		
CA4.1 - Comprender a importancia da conservación e promoción do patrimonio artístico, investigando sobre os procesos de adquisición, conservación, exhibición e uso sostible de obras de arte, así como sobre o impacto positivo e negativo das accións humanas sobre elas.	Distinguir e valorar a arte e o patrimonio artístico herdado da arte da primeira metade do século XX, sobre todo en España, visualizando obras e diversas fontes histórico-artísticas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Terminoloxía e vocabulario específico da arte na arquitectura e nas artes plásticas. - Arte e identidade colectiva: escolas, rexionalismos e procura de identidade. - Vangardas e novas formas de expresión. - A arte como dispositivo de dominación e control: desde o século XIX á sociedade contemporánea. - A muller como artista. A loita pola visibilidade ao longo da historia da arte. - Arquitectura do século XX. Principais arquitectos do século XX.

UD	Título da UD	Duración
12	As segundas vangardas	8

Crterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Valorar e respectar a diversidade de manifestacións artísticas a partir da investigación e o debate arredor das diferentes concepcións da arte e a análise de obras concretas sobre as que comprobar a pertinencia das devanditas concepcións.	Explicar mediante producións históricas propias e alleas a arte da segunda metade do século XX. Entender a arte como unha forma de comunicación cos seus propios códigos de transmisión	PE	80
CA2.2 - Elaborar comentarios histórico-artísticos de distintas obras de arte a partir do coñecemento crítico e argumentado do seu contexto histórico, as súas funcións e a súa relevancia social, política e cultural, valorando e respectando distintas obras e formas de manifestacións artísticas.	O alumnado é capaz de responder de modo satisfactorio e suficiente a comentarios histórico-artísticos de varias obras da arte das segundas vangardas e as diversas formas de manifestación.		
CA3.2 - Coñecer as principais figuras femininas da historia da arte, dándolle visibilidade á muller como artista, analizando o contexto político, social e cultural no que desenvolveron a súa produción artística e recoñecendo o seu esforzo por facerse valer nel.	Identificar mediante traballos de investigación as principais artistas femininas dentro da arte da segunda metade do século XX.	TI	20
CA4.1 - Comprender a importancia da conservación e promoción do patrimonio artístico, investigando sobre os procesos de adquisición, conservación, exhibición e uso sostible de obras de arte, así como sobre o impacto positivo e negativo das accións humanas sobre elas.	Recoñecer por medio do estudio de obras artísticas a través de diversas fontes e in situ, da importancia da conservación e uso da arte en España e Galicia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Terminoloxía e vocabulario específico da arte na arquitectura e nas artes plásticas. - Arte e identidade colectiva: escolas, rexionalismos e procura de identidade. - A arte e o seu valor propagandístico: desde o século XIX á actual sociedade de consumo. - A arte como medio de progreso, crítica e transformación sociocultural desde o século XX á actualidade. - A arte como expresión dos avances tecnolóxicos: desde a Revolución Industrial ata a era dixital. - Arte e realidade: imitación e interpretación. A revolución da fotografía e do cinema. - A muller como artista. A loita pola visibilidade ao longo da historia da arte. - Arquitectura do século XX. Principais arquitectos do século XX. - Arquitectura, urbanismo e deseño sostible. A contribución da arte aos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible. Arte e medio ambiente. - O patrimonio artístico: preservación, conservación e usos sostibles. Museografía e museoloxía.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía ten que ser variada e axeitada ás características e aos ritmos de aprendizaxe do alumnado, debe ser tamén activa e participativa, favorecendo o traballo individual e o colaborativo do alumnado, co fin de que os contidos se convertan en coñecementos aplicables con eficacia a situacións reais e aos estudos posteriores.

Dado que as competencias clave están ligadas a un desempeño eficaz nun contexto determinado, as situacións de aprendizaxe deseñadas para o seu desenvolvemento nesta materia de Hª da arte, incorpora tarefas que contextualizan as aprendizaxes e que permiten avanzar en máis dunha competencia ao mesmo tempo. Será unha metodoloxía dirixida a implicar ao alumnado na aprendizaxe para que adquiran as habilidades que lles permitan construír os seus propios esquemas explicativos para comprender o mundo no que viven, construír a súa propia identidade, que poidan interactuar en situacións variadas e para que continúen aprendendo.

En definitiva, na aula combinarase a explicación teórica por parte do profesorado á hora da presentación da problemática xeral dos procesos e realidades a explicar (mapas conceptuais, fotografías, presentacións, vídeos) cunha metodoloxía baseada no sistema de reconstrución, é dicir, o alumnado elaborará os contidos a partir dos materiais de traballo (los materiais diversos proporcionados/apuntados polo profesorado) nunha tarefa cotiá dirixida e orientada polo profesorado. Con isto intentarase evitar unha excesiva memorización de contidos, pero sen renunciar, como complemento, a unha aprendizaxe significativa.

Pola súa parte, o profesorado despregará os recursos didácticos necesarios que permitan desenvolver os contidos propios da materia, relacionados coas competencias clave e cos criterios de avaliación, para poder acadar así os obxectivos do currículo. O profesorado deberá buscar situacións próximas ao alumnado para que este poida aplicar en diferentes contextos os contidos dos saberes básicos que conforman cada unha das competencias clave. Creará contextos e situacións que representen retos para o alumnado, que os invite a cuestionarse os seus saberes actuais, que os obrigue a ampliar a súa perspectiva e a contrastar o seu parecer, a xustificar e a interpretar con rigor.

Para poñer en práctica o dominio dos contidos básicos das Ciencias Sociais e en concreto da Historia da Arte o alumnado levará a cabo traballos de investigación de maneira grupal.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Apuntamentos do profesor
Aula virtual do centro
Presentacións interactivas por medio de apps
Material audiovisual

Para a práctica e desenvolvemento na aula contamos cunha grande diversidade de recursos perfectamente utilizables para cada momento didáctico ou metodoloxía a empregar.

Para o seguimento das clases, empregárase fundamentalmente material complementario, elaborado polo profesorado, que se acomode aos diferentes ritmos de aprendizaxe que se poden dar na aula. Así mesmo, o profesorado utilizará a Aula Virtual do centro como repositorio dos contidos avaliábeis e, a través da cal, pode facer propostas de traballo (visualizar vídeos, comentario de imaxes...) así como presentacións interactivas feitas por medio de apps.

Empregaranse diferentes materiais, cada vez máis relacionados coas TIC, buscando unha maior diversificación, para dar cobertura aos diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial realizarase nos primeiros días de clase, destinada a comprobar a capacidade de expresión, corrección formal, análise, coherencia expositiva e coñecementos previos.

A proba inicial ou diagnóstica realizarase ao comezo de cada Unidade Didáctica coa finalidade de saber os coñecementos previos que ten o alumnado sobre o tema que se vai abordar para, a partir deles, seguir construíndo os seus saberes.

Outra das vantaxes da avaliación inicial é a de ofrecer información adicional sobre o punto de partida do alumnado cara o tema que se vai a comezar a traballar, permitindo concretar os contidos que suscitan maior interese ou que se descoñecen totalmente. Ademais posibilita definir a didáctica e metolodoxía para abordar a unidade e chegar aos distintos ritmos de aprendizaxe.

Outro aspecto importante destas probas diagnósticas é que permiten detectar as posibles confusións e incorreccións que o alumnado ten sobre os contidos a tratar e que precisan aclaración e rectificación.

Dita proba inicial realizarase dependendo de cada unidade, pero en liñas xerais consistirá na elaboración de cuestionarios, test, brainstorming, debates, visionados de material audiovisual.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	4	9	9	8	9	8	9	9	8	9
Proba escrita	70	70	70	70	60	80	60	60	70	80
Táboa de indicadores	30	30	30	30	40	20	40	40	30	20

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	9	9	100
Proba escrita	60	80	69
Táboa de indicadores	40	20	31

Criterios de cualificación:

A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado de Bacharelato será continua e diferenciada segundo as distintas materias do currículo. Diferenciaranse dous procedementos básicos de Avaliación:

- A avaliación a través de Probas escritas.
- A parte práctica.

No caso da avaliación a través de probas escritas, o modelo de exame será o mesmo que o das Probas de Acceso á Universidade:

Cinco láminas a elixir dúas (ata 4 puntos por cada unha), nas que se terá en conta:

- 1 punto pola "identificación", é dicir, pola clasificación de estilo, cronoloxía, autor e nome da obra.
- 1 punto polo "contexto histórico".
- 2 puntos polo apartado de análise e comentario.

Oito preguntas de vocabulario a escoller catro (puntuando 0,5 cada definición ata chegar a 2 puntos).

As probas escritas, agás circunstancias excepcionais, realizaranse na aula e na data determinada con anterioridade

polo profesorado. No caso de faltar unha alumna ou un alumno a unha proba escrita, repetirase sempre e cando se presente un xustificante expedido polo centro de saúde público ou privado ou administración pública competente. Se non existe o xustificante, a decisión será tomada polo profesorado. A data de repetición será fixada polo profesorado e notificada ao alumnado.

Se durante a realización da proba escrita un alumno ou unha alumna copia ou emprega medios ou dispositivos non permitidos dentro dunha aula, automaticamente será calificada cun 0 (a tódolos efectos, sen opción de repetición).

En cada avaliación realizarase polo menos unha proba escrita (no caso de haber máis farase media coas outras notas obtidas).

Para a parte práctica, os procedementos e instrumentos de avaliación serán a observación e seguimento sistemático do alumnado, é dicir, a táboa de indicadores comprenderá todas as producións que desenvolva, tanto de carácter individual como grupal: traballos escritos, exposicións orais e debates, actividades de clase, investigacións, precisión na expresión, autoavaliación... Tanto os traballos, como comentarios etc, deberán ser entregados ou finalizados na data fixada polo profesorado. No caso de estar fóra do prazo ou non finalizados calificaranse cun 0.

Para a corrección destes traballos empregaranse as rúbricas adaptadas a cada tarefa entre as que figurará unha que recolla a actitude e implicación do/da alumno/a no traballo, deste xeito considérase o interese como aspecto a valorar. Para as rúbricas establécense os mesmos parámetros que nas probas escritas, unha puntuación nunha escala de 1 a 10, valores cos que logo se extrae a media.

Como criterios xerais ou de referencia de calificación para establecer as notas en cada unha das tres avaliacións trimestrais, propónse que as probas escritas ponderen un 80%, e a parte práctica un 20%. Terase sempre en conta as cualificacións das actividades realizadas polo alumnado ao longo de todo o curso escolar. De maneira excepcional, na primeira avaliación o traballo do alumnado puntuará un 10%, pois o outro 10% será un primeiro exame de proba para que tome contacto co modelo de proba escrita que se seguirá ao longo de todo o curso.

Unha vez realizadas as operacións, aplicarase o redondeo tendo en conta que cando o decimal é superior a 5 o redondeo irá á alza e, pola contra, se é inferior, irá á baixa. Este redondeo non será automático e estará condicionado aprobado "na parte práctica" e "no traballo diario". A avaliación estará aprobada cando a cualificación sexa 5 ou superior. Se o docente observa que o alumno ou alumna aprobou a avaliación pero ten algunha parte ou tema pouco afianzado, poderá poñerlle algún traballo de reforzo. No caso de resultar unha avaliación negativa levarase a cabo un plan de recuperación. Considérase aprobado cando, elaborados os cálculos segundo a ponderación, a cualificación dá máis de 5, de ser inferior, levarase a cabo o plan de recuperación.

A nota da avaliación final de curso será a media das calificacións obtidas nos tres trimestres, e, se fose o caso, das correspondentes recuperacións (unha por avaliación) ou a conseguida no exame ordinario final.

Toda a información recadada para cada un dos criterios de cualificación, incidencias de clase e actividades desenvolvidas será recollida no caderno do profesorado que poderá ser en formato físico ou dixital.

Criterios de recuperación:

En canto aos criterios de recuperación determínase un 80% para as probas escritas ao que se lle aplicará, en consecuencia, e sumará o 20% dos outros indicadores xa valorados nas diferentes avaliacións. Se o profesorado o considera oportuno deberá presentar, obrigatoriamente as actividades de reforzo que se lle entreguen.

Os traballos propostos serán titorizados polo profesorado para aclarar as dúbidas que se lle presenten ao alumnado e para facer o seguimento da realización do mesmo.

As probas escritas faranse por trimestre, e puntuaranse seguindo os criterios especificados no punto anterior.

Se o alumnado ten cualificadas negativamente dúas avaliacións, realizará ao final de curso unha proba global que incluírá toda a materia do curso, aplicándolle os mesmos criterios de recuperación xa aplicados en cada trimestre. De non obter unha avaliación positiva tralas recuperacións, darase a posibilidade de recuperar outra vez na proba extraordinaria fixada en xuño na orde de calendario de cada curso. Queda a criterio do docente se é necesaria a realización dun exame ou outro tipo de proba ou traballo que mellor se adapte ás necesidades do alumnado.

6. Medidas de atención á diversidade

As vixentes disposicións e normas indican, tamén no Bacharelato, que se debe dar un tratamento específico ao alumnado que, polas súas circunstancias, o precisen e, polo tanto, facer as adaptacións curriculares necesarias.

En cada unidade propónse unha asimilación progresiva, de menor a maior dificultade, dos conceptos, termos e procesos históricos estudados.

O profesorado seleccionará de entre todos os contidos os que mellor se adapten aos niveis do seu alumnado. O proceso de avaliación servirános tamén para facer o tratamento diferenciado ao distinto alumnado. Utilizando as diferentes actividades propostas nesta programación, descubriremos as carencias e deficiencias fundamentais e, por conseguinte, propoñeremos as tarefas axeitadas para alcanzar os obxectivos específicos adecuados ao alumnado.

En xeral, procurarase proporcionar ao alumnado, para os contidos de maior dificultade:

- Esquemas e/ou sínteses cos conceptos fundamentais.
- Actividades con diferentes graos de profundización.
- Páxinas de referencia para resolver dúbidas e/ou ampliar coñecementos.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora e expresión oral	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Competencia dixital		X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Fomento do espírito crítico e científico			X				X	X
ET.5 - Educación emocional e en valores		X		X	X		X	X
ET.6 - Igualdade de xénero		X					X	X
ET.7 - Creatividade	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.1 - Comprensión lectora e expresión oral	X	X	X	X
ET.2 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X
ET.3 - Competencia dixital	X	X	X	X
ET.4 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X		
ET.5 - Educación emocional e en valores		X		X
ET.6 - Igualdade de xénero		X	X	X
ET.7 - Creatividade	X	X	X	X

Observacións:

Serán traballados todos os elementos transversais, en especial a comprensión lectora e a expresión oral e escrita pois o alumnado vai ter que ler en diferentes formatos e redactar resumos, opinións, textos, comentarios históricos-artísticos.

A comunicación audiovisual será aproveitada en todas as unidades pois servirán de apoio á práctica docente.

O resto dos elementos transversais tamén serán abordados en maior ou menor medida en case todas as unidades.

Importante na materia de Historia da arte será a educación emocional e en valores como actitude do alumnado na aula de respecto, tolerancia.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visitas a exposicións e museos	Actividade complementaria programada ao inicio do curso	X	X	X
Viaxes culturais	Actividade complementaria programada ao inicio do curso			X
Roteiros histórico-artísticos	Actividade complementaria programada ao inicio do curso		X	

Observacións:

Todas as actividades complementarias e extraescolares están definidas e programadas para enriquecer o proceso de ensino-aprendizaxe do alumnado, polo tanto están consensadas a nivel de departamento didáctico e pensadas para lograr un aproveitamento didáctico diferente fóra das aulas.

Estas actividades están definidas a través de tres fases:

- Primeira fase: preparación na aula, previa á saída, da UD correspondiente.
- Segunda fase: a visita programada e organizada, o disfrute da actividade.
- Terceira fase: avaliación e comprobación dos saberes adquiridos por medio da actividade.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Realiza avaliación inicial
Planifica, ensina e avalía
Avalía según os criterios de avaliación da programación
Ofrece posibilidades de recuperación
Valoración da materia: 1. Os obxectivos están ben formulados 2. A selección e temporalización dos contidos é axeitada 3. Os criterios de avaliación e cualificación son claros 4. Empréganse diferentes instrumentos de avaliación
Metodoloxía empregada
Demostra coñecemento da materia
As explicacións son axeitadas ao grupo clase
Revisa a realización das tarefas
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Emprega unha grande variedade de recursos
A práctica docente é innovadora

Medidas de atención á diversidade
Atende e resolve as dúbidas
Clima de traballo na aula
Consigue motivar ao alumnado: as actividades foron variadas e motivadoras

Descrición:

A práctica do proceso do ensino e a práctica docente realizárase por medio de rúbricas e táboas con niveis de indicadores de logro cunha escala de valoración que irá de Aceptable, Boa e Mellorable. Este cuestionario-rúbrica será proporcionado ao alumnado ao finalizar cada avaliación. Para a valoración do proceso de ensino, dispórase dun cuestionario de autoavaliación sobre a programación cos indicadores de logro que serán valorados nunha escala de 1 a 10.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A avaliación da presente programación supón o seu seguimento a través da aplicación Proens por períodos de avaliación por parte do profesorado que impartan as diversas materias e nas reunións mensuais do departamento. Nas reunións de departamento se analizará o grao de cumprimento dos obxectivos programados e as dificultades atopadas e poderanse introducir as medidas correctoras que se estimen oportunas. Todos os problemas detectados teranse en conta na Memoria Final para introducir as modificacións precisas na programación do vindeiro curso.

Para avaliar a programación teranse en conta os seguintes criterios:

- Consecución de obxectivos: Capacitación progresiva do alumnado nas competencias básicas.
- Evolución progresiva do alumnado na comprensión dos fenómenos histórico-artísticos e dos seus factores multicausais.
- Evolución progresiva no coñecemento e manexo das técnicas de estudo propias das Ciencias Sociais.
- Progresiva asimilación de valores e actitudes propios dunha sociedade plural, solidaria e democrática.
- Progresiva adquisición de autonomía no proceso de aprendizaxe: obtención, selección e contraste da información obtida.
- Contribución ao desenvolvemento das competencias dixital e competencia para aprender a aprender.
- Progresiva evolución nas técnicas de lectura comprensiva e de expresión, necesarias para un discurso intelixible e minimamente coherente.
- Adecuación dos obxectivos ao nivel académico do grupo detectado na avaliación inicial.
- Adecuación dos contidos programados e da súa secuenciación ou temporalización prevista.
- Neste aspecto terase en conta a normativa vixente que considera conforme a programación se se cumpre ao menos un 75% dos contidos programados ao principio do curso, se non hai unha desviación na programación por avaliación máis aló dun 20% dos contidos programados ou incluso, nestes casos, cando as razóns sexan de carácter externo e/ou non imputables ao departamento.
- Validez das estratexias metodolóxicas empregadas para a adquisición dos novos contidos.

9. Outros apartados